



Asociación Española Para la Enseñanza
de las Ciencias de la Tierra

II OLIMPIADA DE XEOLOXÍA

FASE AUTONÓMICA
SANTIAGO, 22 de febreiro de 2011

Normas de corrección :

Marcar con X os cadros correctos na folla que está o final dos enunciados. As respostas incorrectas puntúan negativamente a razón de tres por unha, é dicir, cada 3 respostas incorrectas anulan unha correcta. As non contestadas non contan en ningún sentido.

1- A antiga “Era Primaria” na actualidade é denominada:

- a) paleozoico
- b) mesozoico
- c) cenozoico
- d) precámbrico

2- Unha dobra na que os materiais máis antigos están situado no núcleo é denominada

- a) anticlinal
- b) antiformal
- c) sinclinal
- d) sinformal

3. Os complexos de Ordes-Lalín e Cabo Ortegal están compostos por rochas...

- a) graníticas
- b) carbonatadas
- c) volcánicas
- d) máficas

4. Cal destas placas está practicamente rodeada de dorsais?

- a) Nazca
- b) Filipina
- c) Antártica
- d) Cocos

5- Se o período de semidesintegración do C é de 5500 anos, e nunha rocha atopamos o 25% do contido inicial de C, a devandita rocha ten unha idade de:

- a) 5500 anos
- b) 11000 anos
- c) 16500 anos
- d) 22000 anos

6- Un obxecto de 2m de lado é representado nun papel onde agora o lado mide 2cm. A escala utilizada no papel será:


- a) 1:10
- b) 1:100
- c) 1:1000
- d) 1:2

7- Qué bloque continental destes NON formaba parte de Gondwana?

- a) India
- b) África
- c) China
- d) Madagascar

8- O Miño desemboca en...

- a) Delta
- b) “Estuario” ou esteiro
- c) Ría
- d) “Bahía”




9- Qué mineral destes pode presentarse en formas dendriformes?

- a) Limonita
- b) Magnesita
- c) Pirolusita
- d) Moscovita



10- O seguinte fósil só aparece en

- a) Europa
- b) O Paleozoico
- c) Sedimentos continentais
- d) O Cuaternario actual



11- A seguinte dobra é inequívocamente un:

- a) sinclinal
- b) anticlinal
- c) sinformal
- d) antiformal

12- O espesor de un estrato medido perpendicularmente de teito a muro denomínase:

- a) potencia
- b) buzamento
- c) afloramento
- d) anchura

13 “O presente é a chave do pasado” Esta frase sintetiza, qué principio xeolóxico?

- a) Uniformismo
- b) Catastrofismo
- c) Neocatastrofismo
- d) Actualismo

14- Se queremos ver en Galicia xeomorfoloxía granítica debemos acudir ...


- a) á zona de O Pindo
- b) á zona de Cabo Ortegal
- c) á zona de O Courel
- d) á zona de O Barco de Valdeorras

15- Qué significa que un dinosaurio é “ornitisquio”?

- a) que é herbívoro
- b) que ten a pelve como a das aves
- c) que é cuadrúpedo
- d) que ten o corpo cuberto por placas



Contesta ás preguntas, á vista do seguinte esquema xeolóxico



16- O salto de falla é aproximadamente de

- a) 1Km
- b) 1m
- c) 3Km
- d) 3m

17- A falla é

- a) normal
- b) inversa
- c) horizontal
- d) vertical

18- Entre 6 y 7 establécese , qué tipo de discontinuidade?

- a) paraconformidade
- b) discordancia
- c) disconformidade
- d) inconformidade

19- Cal destes acontecementos é mais recente?

- a) falla
- b) dobras
- c) aureola de metamorfismo de contacto
- d) erosión fluvial

20- A estrutura central (granito) é un


- a) anticlinal
- b) domo
- c) antiformal
- d) cubeta

21- O primeiro acontecemento representado no corte anterior é:

- a) 1
- b) 3
- c) 4
- d) 7

22- O espécimen que aparece nesta foto recibe o nome de :

- a) Pétalos do deserto
- b) Rosa do deserto
- c) Eflorescencia do deserto
- d) Flores do deserto



23- O xofre é un mineral nativo que tipicamente atópase en xacementos

- a) sedimentarios de cuncas endorreicas
- b) nas abas ou ladeiras dos volcáns
- c) en filóns hidrotermais
- d) de placer asociado a areas fluviais

24- Se un mineral é quen da raiar ó vidro: Cal dos seguintes pode ser?

- a) calcita
- b) fluorita
- c) apatito
- d) cuarzo

25- Que é unha lumaquela?

- a) Unha calcaria con elevado contido en cunchas
- b) Unha arxila especialmente branda e plástica
- c) Un mineral do grupo dos filosilicatos
- d) Unha areíscas con gran cantidade de fragmentos doutras rochas

26- A cristalización é un proceso :

- a.- no que os cristais desenvolven a súa forma externa.
- b.- de formación de cristais a partir de disolucións , fundidos e gases.
- c.- no que se forman compostos orgánicos.
- d.- no que se forman compostos sintéticos que non teñen estrutura interna ordenada.

27- Os silicatos son os minerais máis abundantes na codia terrestre e a súa unidade estrutural está formada por :

- a.- catro ións osíxeno nos vértices dun tetraedro rodeando ó ión de silicio.
- b.- catro ións silicio nos vértices dun tetraedro rodeando ó ión de osíxeno.
- c.- dous ións silicio e tres osíxenos nos vértices dun tetraedro.
- d.- dos ións osíxeno e tres de silicio nos vértices dun tetraedro.



28- O cuarzo é un tectosilicato moi común, e está formado por :

- a.- osíxeno e silicio .
- b.- silicio, osíxeno e aluminio.
- c.- silicio, calcio e osíxeno.
- d.- sílice e osíxeno.

29- A textura dunha rocha constituída por fenocristais e unha matriz de cristais moi pequenos é :

- a.- afanítica equigranular.
- b.- fanerítica inequigranular.
- c.- porfídica.
- d.- vítrea.

30- Os piroclastos son :

- a.- lavas orixinadas en cuncas oceánicas.
- b.- lava basáltica moi fluída.
- c.- sólidos incandescentes de rochas pulverizadas ou de lava.
- d.- masa de cascotes de aspecto áspero e desigual.

31- A carbonatación é unha forma de meteorización que consiste en :



- a.- destrución das estruturas cristalinas dos minerais provocando a súa descomposición.
- b.- disolución das rochas calcarias pola acción da auga de chuvia lixeiramente ácida.
- c.- aumento de volume das rocas calcarias por acción da auga de chuvia.
- d.- perda de electróns no transcurso do proceso.

32- A idade típica de formación da hulla é :

- a.- Mesozoico.
- b.- Neozoico.
- c.- Cenozoico
- d.- Paleozoico.

33- Os sideritos son un tipo de meteoritos que están compostos de :

- a.- Ferro.
- b.- Ferro e piroxenos.
- c.- Olivino e piroxenos.
- d.- Fierro e níquel.

34- O límite entre codia e manto é :

- a.- discontinuidade de Mohorovicic.
- b.- discontinuidade de Gutenberg.
- c.- nivel D.
- d.- zona de sombra.

35- A escala de Richter está relacionada con :

- a.- a amplitude das ondas.
- b.- a enerxía liberada
- c.- a valoración dos danos.
- d.- a magnitude dos terremotos.

36- Na proximidade dunha dorsal os sedimentos son :

- a.- moi antigos na base a moi modernos e con pouco espesor.
- b.- moi modernos e con pouco espesor.
- c.- moi antigos a moi modernos con gran espesor.
- d.- moi antigos y con pouco espesor.

37- A Terra formouse fai :

- a.- 3800 millones de anos.
- b.- 4500 millones de anos.
- c.- 200 millones de anos.
- d.- 800.000 anos.

38- Os fósiles-guía :

- a.- aparecen en todo tipo de rochas
- b.- están pouco estendidos xeográficamente.
- c.- son característicos dun determinado período de tempo.
- d.- son especies pouco evolucionadas

39- Sinala os períodos que están na orde correcta, de máis antigo a máis moderno

- a.- Cámbrico – Ordovícico - Silúrico – Devónico – Carbonífero.
- b.- Mesozoico – Pérmico – Proterozoico – Paleóxeno.
- c.- Paleóxeno – Neóxeno – Cuaternario.
- d.- Cretácico – Xurásico – Triásico – Pérmico – Carbonífero

40- Un recurso natural que é consumido ó mesmo ritmo que se produce é :

- a.- renovable.
- b.- potencialmente renovable.
- c.- non renovable.
- d.- inesgotable.

41- Os recursos da xeosfera :

- a.- deben estar formando depósitos para poder ser utilizados.
- b.- son consecuencia da tectónica de placas.
- c.- son todos de tipo enerxético.
- d.- Na súa meirande parte son renovables.

42- Que recurso se extrae das canteiras de Porriño (Tui)?

- a.- augas termais
- b.- arxilas
- c.- granito
- d.- mineral de Fe

43- Un mapa de riscos é :

- a.- una representación gráfica das zonas de impacto.
- b.- o que reflicte os posibles lugares nos que se pode producir un suceso.
- c.- é unha medida estrutural correctora.
- d.- unha medida predictiva de protección.

44. Se son aplicadas correctamente as medidas de protección fronte ós riscos naturais :

- a.- redúcense ou anulanse os seus efectos sobre as persoas e bens.
- b.- pódese evitar que ocorran os sucesos.
- c.- elimínanse as circunstancias que provocan os sucesos.
- d.- redúcese a vulnerabilidade.

45 - Un canto estriado pode indicar un transporte :

- a.- mariño
- b.- glaciar
- c.- eólico
- d.- torrencial

46- Un tómbolo é unha forma

- a.- de sedimentación litoral
- b.- de sedimentación eólica
- c.- de erosión litoral
- d.- de erosión eólica

47- Cal destas formas vaise desenvolver tipicamente en granito :

- a.- estalactitas e estalagmitas
- b.- tafoni (ou cacholas)
- c.- cárcavas e barrancos
- d.- disxunción columnar

48- Que tipo de ondas sísmicas poden propagarse polo núcleo externo da Terra

- a.- P e L
- b.- P e S
- c.- só P
- d.- só S

49- Qué característica, das seguintes, presenta a codia oceánica respecto á codia continental :

- a.- é xeolóxicamente mais nova
- b.- é granítica
- c.- é menos densa
- d.- é mais grosa

50- Que tipo de rocha é o gneis :

- a.- sedimentaria
- b.- metamórfica
- c.- volcánica
- d.- plutónica